



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



202321«NUM»

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C2-A-I-23



Proba A1

Uns amigos seus con fillos queren pasar o verán en Galicia. Están buscando un lugar tranquilo en contacto coa natureza e pídenlle consello. Vostede, logo de ver a seguinte reportaxe de televisión, decide responderlles cunha **mensaxe electrónica**. No texto, de **200 palabras**, ten que:

- Saudalos e expresarlles a súa alegría pola decisión de vir a Galicia.
- Explicarlles por que a acampada pode ser unha boa opción para eles.
- Propoñerlles como destino o cámping de Coroso e comentarlles que poden facer neste lugar.
- Suxerirlles outras actividades para desconectar e gozar das vacacións en familia.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede recibe unha mensaxe da súa irmá na que lle conta que está preocupada polo seu fillo pequeno. O oculista acaba de dicirlle que precisa lentes, pero el non quere poñelas. Logo de ler este artigo, vostede decide escribirlle unha **mensaxe electrónica**. No texto, de **200 palabras**, deberá:

- Saudala e interesarse pola saúde do seu sobriño.
- Comentarlle por que é importante tratar canto antes este problema.
- Explicarlle as características que deben ter as lentes para nenos.
- Darlle algúns consellos para conseguir que o rapaz acepte as lentes e despedirse.

Consellos para elixir as lentes dos máis pequenos da casa



O 15 % dos nenos e nenas menores de 14 anos usa lentes. A pesar de todo, un 5 % da poboación de entre 0 e 14 anos non as usa aínda que as necesite.

Algúns rapaces levan moi mal iso de usar lentes porque pensan que os seus compañeiros poden rirse deles.

De todas as formas, termos como «catro ollos» van desaparecendo pouco a pouco da rúa, grazas á variedade de modelos, prezos e cores dos anteollos que xa se consideran un complemento de moda.

Os problemas da vista deben tratarse a tempo para que non acaben por dificultar a aprendizaxe do neno. É fundamental tratar o problema canto antes para evitar que a perda visual se converta en crónica. É nos primeiros anos de vida cando debe lograrse que o neno alcance o 100 % da visión.

Hai algunhas recomendacións que debemos considerar antes de mercar as lentes.

O primeiro é contar coa súa opinión. Debe sentirse a gusto con elas porque as vai levar todo o día. Por iso, é importante que lle gusten.

As monturas deben ser resistentes e lixeiras. Poden ser de metal ou de plástico. Estas últimas son a mellor opción: máis duras e menos propensas a dobrarse e romper.

Hai que elixir unha montura do tamaño adecuado. Debe adaptarse ao rostro do neno e cubrir perfectamente o seu campo de visión. As lentes non poden ser máis anchas que a cara nin deben pasar das cellas.

Teñen que ser cómodas, que non lles moleste levalas. Os nenos corren, saltan... É importante que non se lles movan ao xirar a cabeza ou mirar cara abaixo. Deben ir ben axustadas detrás das orellas, pero sen facerlles dano.

A seguridade tamén conta. As lentes dos anteollos deben ser orgánicas porque protexen mellor os ollos e ademais non pesan. O material menos recomendable é o cristal.

Se o menor é moi inquedo ou practica algún deporte, as lentes teñen que ser as adecuadas para que os seus ollos estean protexidos e poida realizar movementos rápidos sen riscos. Un cordón elástico axustado ás lentes evitará que estas caian.

Non gaste cartos en poñerlles aos cristais un tratamento antirraias. Aínda que trate de evitalo, non hai raiado que se lles resista.

No tema da vista non podemos ceder. A saúde é moito máis importante que a estética. Se necesita lentes, haberá que insistirle na importancia de poñelas para corrixir o problema ou intentar que non vaia a máis.

Texto traducido e adaptado da revista *Eroski Consumer*



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

